Enmarcado dentro do **Plan Lector de Centro**, tratarase de reforzar e fomentar o gusto pola lectura, partindo da premisa de conseguir un equilibrio entre os contidos gráficos e os escritos. Farase unha selección de libros que teñan un potencial garante de éxito, prestando atención especial ao cómic e tratarase de subscribirse a algunha revista.

### *8.2.7. COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES*.

**BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL**: Participaremos nas actividades de animación á lectura, conmemoracións literarias, sesións de contacontos, charlas coloquio con algún autor de literatura infantil, etc. programadas pola citada entidade, sempre que a situación o permita.

### *8.2.8. EMPREGO DE NOVAS TECNOLOXÍAS*

A páxina web do centro vai ser un eixo básico na aplicación das TIC no proxecto do uso do galego, xa que chega a toda a comunidade educativa (familias, alumnado e mestres/as). A mesma vai ser medio de difusión e apoio a gran cantidade de actividades propias do proxecto lingüístico e xa recollidas neste documento ás que lles daremos soporte dixital ( Celebracións– Samaín,

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

Entroido, Festival de Nadal, 50 aniversario, Letras Galegas...-, Dípticos e Boletíns informativos...). Nas aulas virtuais tamén haberá contidos co obxectivo da potenciación da lingua galega dentro da comunidade educativa.

Ademais de todo isto e dos contidos xerais da web nas súas diferentes seccións, esta conta cunha sección propia de Dinamización Lingüística onde o equipo difundirá todas as actividades realizadas, informacións sobre as distintas celebracións, concursos, etc.

## 8.3. PLAN ANUAL DE LECTURA

### *8.3.1. BASES LEGAIS*

- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 20 de setembro de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024.

Na nomeada normativa establécese que os centros docentes incluirán dentro do seu proxecto educativo e funcional o Plan de Lectura que terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Ese Plan de Lectura concretarase, cada curso, no Plan Anual de Lectura que se incluirá na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro daqueles obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no curso 2023/24.

### *8.3.2. OBXECTIVOS*

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura e axudar a mellorar a práctica da lectura e da escritura.
- Valorar e reforzar a Biblioteca Escolar como contexto privilexiado para o desenvolvemento de competencias informacionais.
- Incorporar as TIC, de xeito que o alumnado aprenda a utilizalas e a analizar a información dun xeito crítico.
- Integrar fontes informativas en calquera soporte (libros, tic, prensa, revistas....) e con calquera finalidade.
- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo e en todo tipo de soportes: Impreso e Dixital.
- Complementar a competencia lectora con formación en expresión e comunicación oral.
- Favorecer a competencia literaria.
- Dar resposta ás necesidades informativas no presente formando ao alumnado para unha participación plena, activa e comprometida coa sociedade complexa na que nos toca vivir.
- Traballar temáticas vinculadas aos obxectivos para o desenvolvemento sustentable da axenda 2030 da ONU.
- Formar lectores autónomos, capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar, fomentando ao mesmo tempo a adquisición de actitudes reflexivas e críticas ante o seu contorno.

### *8.3.3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS DE LECTURA.*

Considérase a biblioteca como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, dende a que se poñerán a disposición do alumnado e do profesorado, e na medida do posible, do resto da comunidade educativa, libros informativos e de ficción, así como outros recursos informativos e lúdicos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico relacionados cos contidos do currículo e que poidan cubrir unha gran variedade de intereses. Para favorecer o seu uso, organízase en diferentes espazos:

- Distribución do mobiliario para favorecer a circulación dos usuarios.
- Postos de lectura individual e para traballo en mesa.
- Zona de lectura informal ou xogos con sofás e mesa baixa.
- Espazo para actividades de grupo e lecturas compartidas con chan de madeira.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

- Zona de xestión cun ordenador con programa meiga.
- Zona de audiovisuais con ordenadores para consulta, investigación, participación, expresión...

A utilización dos espazos da biblioteca concirne a todo o profesorado, a todas as áreas e niveis para o que se organiza un horario de uso preferente nas diferentes sesións. As aulas serán tamén espazos de lectura habitual, podendo contar cunha biblioteca de aula, mediante un préstamo dende a biblioteca de centro, libros que traia o alumnado da casa...

### *8.3.4. TEMPOS E RUTINAS DE LECTURA.*

Calquera momento da xornada escolar será adecuado para o fomento da lectura e da escritura xa que a formación para acadar unha adecuada competencia lectora non será exclusiva das áreas lingüísticas, senón un esforzo conxunto de todo o profesorado e dende todas as áreas. Sen embargo, consideramos importante sistematizar algunhas actividades para conseguilo:

- Proxecto de fomento da lectura e escritura: dedicaremos os 20 primeiros minutos da 4ª sesión da xornada lectiva a desenvolver o proxecto significativo de centro de fomento da lectura e escritura. Este proxecto será levado a cabo pola titora de cada curso en educación infantil e polo titor/a e un especialista, que se irán alternando, segundo horario, en educación primaria. O proxecto farase habitualmente na aula, pero, contarase cun horario de uso preferente, por curso e día, para biblioteca e audiovisuais.

| Proxecto de fomento da lectura e escritura | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4º EI | 5º-6º EI | 1º EP | 2º EP | 3º EP | 4º EP | 5º EP | 6ºEP |
| Mª José | Lidia | Susana<br>Antonio | María C.<br>Julia | Alberto<br>Ana S. | Rocío<br>María T. | Natalia<br>David | José<br>Ana Mallo |

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

| Proxecto de fomento da lectura e escritura - Outubro | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Biblioteca | | | | | |
| Día | Hora | Semana 2-6 | Semana 9-11 | Semana 16-20 | Semana 23-27 |
| Luns | 11:50-12:10 | 1º | 6º | 3º | 2º |
| Martes | 11:50-12:10 | 2º | 1º | 4º | 3º |
| Mércores | 11:50-12:10 | 3º | 2º | 5º | 4º |
| Xoves | 11:50-12:10 | 4º | --- | 6º | 5º |
| Venres | 11:50-12:10 | 5º | --- | 1º | 6º |
| Audiovisuais | | | | | |
| Luns | 11:50-12:10 | 6º | 1º | 4º | 5º |
| Martes | 11:50-12:10 | 5º | 6º | 3º | 4º |
| Mércores | 11:50-12:10 | 4º | 5º | 2º | 3º |
| Xoves | 11:50-12:10 | 3º | --- | 1º | 2º |
| Venres | 11:50-12:10 | 2º | --- | 6º | 1º |

### *8.3.5. ACTIVIDADES PROGRAMADAS.*

Ademais das actividades que se leven a cabo para o desenvolvemento do proxecto de fomento da lectura e da escritura, tamén se farán as seguintes:

- Apadriñamentos lectores: Cada grupo será padriño ou apadriñado doutro grupo do centro de modo que se prepararán actividades especiais para levar a cabo cada certo tempo.

| Padriño | Apadriñado | Padriño | Apadriñado | Padriño | Apadriñado | Padriño | Apadriñado |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6º E.P. | 2º E.P. | 5º E.P. | 1º E.P. | 4º E.P. | 5º-6º E.I. | 3º E.P. | 4º E.I. |

- Actividades puntuais encamiñadas a conmemorar diferentes datas de interese do calendario escolar. Día das Bibliotecas Escolares, exposicións de libros (de medo, de Nadal, para a paz e non violencia...), Día de Rosalía, Día da Poesía, Día do libro Infantil, Día do Libro, Día das Letras Galegas...
- Encontros con autores.
- Formación de usuarios.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

- Actividades para a implicación das familias: mochilas viaxeiras, contos viaxeiros, lecturas de familias ao alumnado...

#### *8.3.6. RECURSOS MATERIAIS.*

- O espazo da biblioteca.
- Os recantos de cada aula dedicados a biblioteca que funcionan con préstamos da Biblioteca Escolar.
- Libros de ficción, de consulta...
- DVD, CD, de música, películas, xogos didácticos,...
- Ordenadores con conexión á rede, en audiovisuais e nas aulas.
- Impresora na zona de xestión.
- Expositores de libros e andeis.

Contamos tamén coa colaboración da Biblioteca Municipal situada a pouca distancia do centro e que conta con recursos, medios e persoal competente na materia.

**HUMANOS**

- O profesorado do Centro.
- O Equipo Directivo.
- O Equipo de Biblioteca constituído pola responsable da mesma e 5 mestras.

**ECONÓMICOS**

Os destinados polo Centro e outras axudas recibidas da Consellería.

#### *8.3.7. AVALIACIÓN.*

Aplicaranse indicadores de avaliación para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos previstos e das actividades programadas realizando unha memoria anual.

## 8.4. PLAN DE BIBLIOTECA ESCOLAR

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

- A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 113 establece que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes instrumentos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros.
- O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece, no punto dous, do artigo 33, do título III sobre plan educativos, que os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

En cumprimento da normativa desenvolvemos os seguintes obxectivos e actividades no marco de referencia da Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024.

- Formar un Equipo de Biblioteca composto por 5 mestras do centro de distintos niveis, coordinado pola persoa responsable da biblioteca e que se implique na organización e funcionamento da mesma.
- Establecer unhas sesións de garda de todo o profesorado posible para que a biblioteca se manteña aberta a maior parte do horario e poida estar a disposición do alumnado tamén nos recreos.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

• Elaborar o plan de traballo anual da biblioteca, que favoreza o desenvolvemento do Plan Anual de Lectura e o uso, por parte do alumnado e profesorado, das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as materias e áreas.

• Coordinarse na programación de actividades con outros equipos do centro, principalmente o ENDL.

• Renovar e actualizar os fondos da Biblioteca segundo criterios que dean resposta aos intereses dos/das usuarios/as. Pretendemos equilibrar os fondos: 60% información fronte ao 40% de ficción e o 50% galego e 50% castelán nos materiais de consulta.

• Procurar unha biblioteca cada vez mais inclusiva, que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado.

• Rexistrar e catalogar con clasificación: “CDU” e informatización “Meiga” as novidades que se vaian adquirindo.

• Reparar e/ou expurgar fondos.

• Ofrecer un espazo útil e acolledor onde se favoreza o achegamento a libros, tanto informativos como de ficción, así coma outros recursos informativos lúdicos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico; presentes na biblioteca ou dispoñibles a través de internet.

• Mellorar a decoración da Biblioteca (con escenas de contos, debuxos, murais nos que colaboren os propios nenos/as) e actualizar e achegar ao alumnado a nosa mascota Nediña.

• Establecer uns horarios de Biblioteca e audiovisuais, reservando unha hora semanal, para tempo de lectura, de préstamo de libros, de uso libre, de educación documental do grupo co mestre/a, nas horas de lecer…

• Elaborar recomendacións de libros.

• Facer exposicións temáticas (de medo, de Nadal, de paz e convivencia...) e celebracións de conmemoracións especiais (día de bibliotecas escolares, día de Rosalía, día da poesía, día do libro, Letras Galegas…)

• Capacitar ao alumnado para o uso autónomo da Biblioteca escolar e por extensión doutras Bibliotecas. Formación de usuarios.

• Formar un Equipo de colaboradores da Biblioteca que axude na súa organización e

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

funcionamento. Formación dun grupo estable de alumnado voluntario, con formación inicial, distribución de tarefas e supervisión do profesorado.

• Espertar o interese polo mundo dos libros e a lectura por medio de actividades lúdicas no seo da Biblioteca (exposicións, encontros con autores/as, ilustradores/as, contacontos, maratóns de lectura...).

• Incorporar ás familias co fin de implicalas na formación lectora (fomentar a lectura no ambiente familiar mediante actividades como as mochilas viaxeiras, contos viaxeiros; contar con grupos de adultos colaboradores "familias lectoras"...)

• Colaborar coa Biblioteca Municipal.

• Consolidar o noso Blog tanto para informacións variadas como fonte de recursos e convertelo nun caderno estable que amose as actividades relacionadas coa nosa Biblioteca, animando ao alumnado a participar nel.

• Facilitar a xestión das bibliotecas de aula, consideradas seccións da biblioteca escolar do centro, aínda cando algúns materiais poidan estar temporal ou definitivamente desprazados.

• Elaborar e participar no proxecto significativo de centro para o fomento da lectura e escritura.

• Aplicar indicadores de avaliación para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos previstos e das liñas de actuación deseñadas. A persoa responsable da biblioteca escolar coordinará a realización dunha memoria anual que incluirá unha avaliación dos servizos ofrecidos pola biblioteca e os apoios e actividades realizadas ao longo do curso escolar

## 8.5. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. E-DIXGAL. PLAN DIXITAL.

O obxectivo fundamental en relación á integración das TIC no ensino xa se converte nun camiño incuestionable, xunto co gran valor que representa hoxe en día a competencia dixital na sociedade.

Unha das bases da educación é promover e acadar no profesorado e no alumnado a competencia dixital. A escola debe integrar tamén a alfabetización dixital. Por iso, é importante a presenza nas nosas aulas de medios tecnolóxicos que nos axuden a conseguir estes fins. Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito é necesario crear dun plan de traballo das TIC no centro.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

## ➢ OBXECTIVOS

Tendo en conta a situación e obxectivos xa acadados, aqueles que imos fixar irán encamiñados a manter e ampliar moitos dos obxectivos xa iniciados.

- Formación permanente por parte dos membros do equipo en particular, pero de todo o profesorado en xeral, para mellorar as súas competencias TIC.
- Mellora no nivel da Competencia Dixital Docente do profesorado.
- Continuar coa xestión administrativa do centro, tanto desde secretaría, como por parte do profesorado (cualificacións, informes, faltas de alumnos....) desde a aplicación informática **XADE**. Así como, a xestión da biblioteca escolar a través de programas específicos para iso.
- Potenciar a relación coas familias mediante os programas e sitios que a Consellería pon a disposición dos centros: AbalarMóbil, servizo de videoconferencia EDUXUNTA Webex, FALEMOS EDU, aula virtual...
- Facer das **TIC** unha ferramenta e un recurso de traballo habitual por parte do profesorado, dirixindo ao alumnado nas estratexias para obter e xestionar información, especialmente en quinto e sexto de primaria (cursos E-Dixgal).
- Encamiñar ao alumnado á utilización das TIC tanto como no aspecto de fonte de formación e información como no de elemento transmisor de información de elaboración propia (desde traballos en formato dixital ata achegas á web do colexio.
- Favorecer o uso das TIC naquel alumnado cuxas limitacións derivadas de desigualdades sociais non lle permitan un acceso fora do entorno escolar. Acceso á formación/ información en igualdade de condicións.
- Coñecer a realidade familiar sobre a que imos traballar, en base á situación das TIC na casa (dispoñibilidade de ordenador, Internet, correo electrónico....).
- Consolidar o desenvolvemento e práctica da competencia dixital en todas as áreas do currículo, familiarizando ao alumnado co traballo coas novas tecnoloxías da información.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

Intentaremos durante este curso priorizar diversas liñas de traballo e actuacións variadas encamiñadas a mellorar a situación das TICs no centro, en concreto:

*No que atinxe á páxina web del centro, sería necesario*:

- Fomentar o uso da páxina web do centro como espazo de comunicación.

- Actualizar o deseño, facelo máis atractivo.

- Introducir informacións regularmente.

- Eliminar entradas anticuadas.

*Relacionado coa formación do profesorado*:

- Detectar necesidades e intentar solucionalas, ben con recursos propios ou do CFR.

*En canto ao centro*:

- Renovar o inventario do equipamento.

- Instalar en cada aula un equipo con conexión á fotocopiadora da sala de mestres.

- Revisar, catalogar, limpar e, no seu caso, dar de baixa equipos antigos.

➢ ***E-DIXGAL:***

Algunhas das intencións que se pretenden co proxecto de Educación Dixital pasan por fomentar un uso crítico, creativo e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación, levando a cabo un cambio metodolóxico no proceso de ensino-aprendizaxe. Non só se trata dun cambio na presentación dos contidos educativos, senón que se pretende optar a novas posibilidades e diferentes formas de pensamento, construíndo deste xeito unha escola aberta e tecnolóxica para unha sociedade que demanda un alumnado crítico e competente. O proxecto E-

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

Dixgal danos a oportunidade (ao alumnado, aos mestres/as, familias e ao resto da comunidade educativa) de participar nun gran cambio, empregando os libros dixitais na nosa práctica diaria e complementando o proceso de ensino-aprendizaxe.

Desta forma, crearemos unha metodoloxía aberta, facilitadora e integradora con respecto as desigualdades sociais, económicas e/ou culturais. O noso centro aposta polo cambio e a integración das tecnoloxías da información e da comunicación poñendo esforzo e dedicación en conseguilo. Os principios cos que nos sentimos identificados son todos aqueles que teñan que ver con proporcionar unha educación baseada na equidade e na igualdade de oportunidades baixo unha metodoloxía activa, formadora e de innovación. Desta forma, queremos ofertar unha educación de calidade a través de todos os recursos que estean ao noso alcance.

Intentarase levar a cabo as accións necesarias para achegar ao alumnado e incluso ás familias co uso do EVA e dos libros e material complementario dixital. A persoa coordinadora do proxecto será a encargada de dinamizar o mesmo no centro. Do mesmo xeito, planificará e xestionará os medios e recursos para mantelos operativos e así facer unha diagnose das necesidades que poidan xurdir ao longo da duración do proxecto.

A metodoloxía será activa, integradora, facilitadora, innovadora, participativa e atendendo, sobre todo, as necesidades do alumnado. Deste xeito, facemos especial mención á atención á diversidade xa que poden ser os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo os que se poden beneficiar, en primeiro lugar, deste proxecto. Serán os mestres/as implicados os que seleccionen, organicen ou/e editen o material necesario para establecer a súa práctica docente, elaborando os seus propios recursos educativos e adaptándoos á realidade da aula.

O procedemento de avaliación será un punto importante do proxecto, xa que nos axudará a establecer unha retroalimentación fundamental para detectar as posibles necesidades que se poidan xerar ao longo da súa implementación. Polo tanto, será un proceso continuo, sistemático e formativo con carácter trimestral e anual. Tamén atenderá a todos os ámbitos nos que se desenvolve o proxecto: alumnado, mestres/as, familias, contorno… Desta forma, a avaliación contribuirá a mellorar e realizar os cambios necesarios e así seguir avanzando.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

Entre os obxectivos para este curso e os indicadores de logro podemos salientar os seguintes:

Realizar un desenvolvemento axeitado do proxecto:

- O profesorado recibe a información e a formación necesaria para a posta en práctica.
- A coordinación do proxecto é a axeitada en todo momento, incentivando a innovación educativa.
- O profesorado busca ou deseña actividades aproveitando ao máximo as posibilidades do EVA.
- O alumnado incrementa o seu desexo de aprender a través dunha metodoloxía motivadora.
- O alumnado ten mellores recursos ao seu alcance.
- Os resultados académicos melloran.

Divulgar a información sobre o proxecto e as actividades que se leven a cabo:

- Os alumnos/as e as familias reciben información específica sobre o proxecto e sobre as actividades propostas.
- O proceso educativo xera un cambio metodolóxico e chega a toda a comunidade educativa e ao noso entorno máis próximo.

Mellorar a competencia dixital:

- Realízase unha adaptación da práctica educativa.
- O alumnado aproveita todos os recursos e crea novas vías de aprendizaxe.
- Mellora o rendemento escolar.
- Xéranse lazos de cooperación e comunicación entre toda a comunidade educativa.
- Rómpese, aos poucos, coa “fenda dixital” favorecendo a inclusión.
- O proxecto atende a todas as necesidades dos alumnos (Atención á diversidade).

Desenvolver o proxecto baixo as directrices acordadas e realizar un seguimento periódico das actuacións previstas:

- Divulgar entre toda a comunidade educativa toda a información/ formación sobre E-Dixgal.
- Impulsar a súa continuidade no tempo, establecendo propostas de mellora e avaliando as necesidades.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

- Participar naquelas actividades de formación que se propoñan tanto dende o centro como dende a Administración Educativa.
- Garantir a participación activa da persoa coordinadora e do equipo directivo do centro.

➢ ***PLAN DIXITAL DE CENTRO***

O Plan Dixital de centro pretende ser un documento a través do cal se analice a realidade en relación ao uso das tecnoloxías dixitais e, a partir desta situación de partida, definir un plan de actuación que inclúa uns obxectivos as conseguir, actuacións específicas para implementar este plan, a súa avaliación e posterior difusión. O obxectivo final do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado e da transformación do centro nunha organización dixitalmente competente.

Ao longo deste curso desenvolveremos as accións prioritarias recollidas en dito plan.

## 8.6. PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

### *8.6.1.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS*

Dentro do horario escolar desenvolveremos as seguintes actividades:

➢ **BIBLIOTECA**

Neste curso, haberá un grupo dinamizador de biblioteca que traballará na mesma liña que ata o de agora.
Impulsando e realizando actividades de animación á lectoescritura, mellorando a organización do material, de espazos, control de fondos (informatización dos mesmos a través dos programas da Consellería), etc. Todo isto, axudará a consolidar a biblioteca escolar do centro como punto importante dentro da actividade docente.
Durante este curso, e incorporado no **Plan Anual de Lectura** (máis detallado noutro apartado da programación), dentro do cal a biblioteca vai ser un dos elementos máis importantes, seguiremos tentando mellorar o servizo da mesma, incorporar mobiliario e elementos novos e facela cómoda e accesible para o alumnado de educación infantil.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

Na mesma liña que no curso pasado, tentaremos de incrementar o número de horas de implicación no uso e visita da biblioteca en horario lectivo tanto polo alumnado como polos mestres/as (consulta de libros, préstamo…)

Para todo isto foi preciso, en cursos pasados, actualizar todos os fondos, polo que se fixo un novo rexistro a nivel informático dos mesmos co programa Meiga.

Dende que a biblioteca serve de comunicación entre o edificio principal e o ensanche, co gallo eliminar deste xeito unha barreira arquitectónica para acceder á mesma e ao propio ensanche, facilitouse o acceso á mesma con máis rapidez a todo o alumnado, engadíndoselle ademais a esta o espazo TIC na dependencia anexa.

**OBXECTIVOS XERAIS**

- Fomentar a afección á lectura nos alumnos/as.
- Espertar o interese do alumnado ofrecéndolle novidades, temas actuais, revistas...
- Introducir a dimensión lectora no tempo de ocio: a lectura como goce -evasión.
- Espertar e aumentar a imaxinación e a creatividade do alumnado mediante estímulos que lle aporta a lectura.
- Potenciar nas aulas a asistencia do alumnado á biblioteca como lugar de consulta e divertimento.

- **BIBLIOTECA MUNICIPAL**

Pola proximidade do centro á Biblioteca Pública e pola boa dispoñibilidade do seu persoal, a coordinación conxunta é moi boa.

Realizaranse actividades de animación á lectura, contacontos, teatro, concursos literarios e de expresión plástica, conferencias, etc.

Nestas actividades participará o alumnado do colexio en horario de mañá.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

- **FESTAS**

Temos programado celebrar, en colaboración coa ANPA e Concello e coa participación de todos os pais/nais co desexen, as seguintes festas:
O Magosto-Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas e Festa de Fin de Curso.
Todas elas irán complementadas con actividades previas ao día da celebración e o mesmo día, xa sexan feitas polos propios alumnos/as, mestres e pais/nais como por persoas alleas ao centro.
Estas actividades están enmarcadas no programa de potenciación das relacións coa comunidade e as familias.

- **CONMEMORACIÓNS**

Organizaremos as sinaladas no calendario escolar (Día da Paz, Semana da prensa…) con actividades de aula referidas a tales datas.
Neste curso, como días non lectivos por proposta do Consello Escolar, queda sinalado o 20 de maio (pendente de aprobación) e 13 de outubro (aprobado previamente por Xefatura Territorial)

- **VISITAS ESCOLARES**

Como en anos anteriores cada curso realizará, cando menos, tres saídas, todas elas dentro do horario lectivo, coa posibilidade de que unha delas sexa de xornada de mañá e tarde segundo a súa organización ou a distancia á que se atope do colexio.

No apartado 8.6.2., de actividades extraescolares, especificamos o programa de visitas para este ano.

- **ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

No propio centro, realizaremos nos recreos xornadas de xogo popular na época do outono, “Polo San Martiño saca o trompo ao camiño”, facendo probas con peóns así como xogos de pistas e orientación “A busca do melón de ouro” polo Samaín.

Os campionatos internos de deportes minibasket, balonmán, bádminton, fútbol e de xogos populares como brilé , entre outros, serán outras das actividades previstas para este curso.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

Xornadas de promoción entre o alumnado de diferentes deportes (voleibol, tenis…) impartidas por aqueles clubes ou entidades interesadas.

- **ACTIVIDADES DE ALIMENTACIÓN SAUDABLE (PLAN DE ALIMENTACIÓN)**

Reparto de froita fresca e leite entre todo o alumnado do centro durante dous períodos do curso. Está feita a solicitude da axuda convocada polo mesmo para o consumo de froita fresca e leite na escola. A actividade solicitouse para dous períodos ante os resultados positivos obtidos o curso pasado.

Así mesmo, na reunión de titorías e na circular de inicio de curso a pais, transmíteselles a estes unhas importantes recomendacións de alimentación san para os recreos, incluídas nas NOFC.

### *8.6.2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES*

Neste curso, como nos anteriores, estas actividades desenvolveranse en horario de tarde e están organizadas pola ANPA, Colexio e Escolas Deportivas e Culturais Municipais.

| ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA | |
|---|---|
| LUNS | TALLER DE ARTE |
| MARTES | MULTIDEPORTE |
| MÉRCORES | INGLÉS |
| XOVES | PATÍNS |

| |
|---|
| Ao longo do curso poden xurdir máis actividades en función dos programas e axudas concedidas polas distintas Consellerías así como xornadas de difusión de diferentes deportes promovidas principalmente polo Concello. |

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

- **VISITAS ESCOLARES**

- Levaranse a cabo en horario lectivo.
- O alumnado irá acompañado dos seus titores/as.
- Poderán sufrir algunha variación ao longo do curso a cal será oportunamente aprobada como procede.
- O alumnado aboará o servizo de transporte e as entradas onde a visita non sexa gratuíta.

Están programadas as seguintes:

| SAÍDAS | 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
|---|---|---|---|
| **E. Infantil** | **<u>Teatro Narón</u>**<br>**Un pez en el corazón**<br>**(7 novembro)**<br><br>**Visita a unha panadería**<br>(pte data) | **Casa das Abellas**<br>(pte data) | **<u>Afundación Teatro</u>**<br>**(Pingüin) (25/26 abril)**<br>+<br>**Almorzo (chocolate con churros)**<br><br>**Aldea Nova**<br>(pte data) |
| **1º e 2º E.Primaria** | **<u>Teatro Narón</u>**<br>**Ándale!! Buen apetito!!**<br>**(22 novembro)**<br><br>**<u>Afundación Teatro</u>**<br>**Vaia Ritmo!**<br>**(16 de novembro)**<br>+<br>**Almorzo (chocolate con churros)** | **Museo Historia Natural**<br>+<br>**Lonxa**<br>**(Ferrol)**<br><br>(pte data) | **Aldea Nova**<br>(pte data) |

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

| | | | |
|---|---|---|---|
| **3º e 4º E.Primaria** | **Teatro Narón** Ándale!! Buen apetito!! (22 novembro)<br><br>**Escola Reciclaxe As Pontes** | **Domus (A Coruña)** (pte data)<br><br>**Afundación Teatro** (8 marzo) + Almorzo (chocolate con churros) | **Sotavento** (pte data)<br><br>**Aldeanova** (pte data) |
| **5º e 6º E.Primaria** | **Teatro Narón** Hugo (14 novembro) | **Castro de Viladonga** (pte data)<br><br>**Afundación Teatro** Help! (Trouble in the jungle) (19 xaneiro) + Almorzo (chocolate con churros) | **Sotavento** (pte data) |
| O último día de clase, no mes de xuño, faremos unha xornada de convivencia de todos os alumnos/as e mestres **na praia de Cabanas.** | | | |

## 8.7. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

As diferentes actuacións, medidas e programas que se levarán a cabo neste curso escolar para favorecer a convivencia serán:

| **Actuación, medida ou programa** | **Responsables** | **Destinatarios** | **Procedementos para o seu desenvolvemento** |
|---|---|---|---|
| Vixilancia de espazos e tempos de lecer e entradas e saídas. | Profesorado | Alumnado | Quendas establecidas na PXA expostas no taboleiro da sala de mestres/as.<br>Organización dos espazos de recreo |
| Avaliación do progreso | Profesorado | Alumnado e | Reunións de avaliación, deixando |

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

| | | | |
|---|---|---|---|
| do alumnado. | | familias | constancia das xeneralidades nas actas de avaliación. |
| Actividades complementarias e extraescolares. | Profesorado e entidades externas organizadoras (ANPA, Concello, Asociacións...) | Alumnado e familias | Levaranse a cabo segundo programación do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e figurarán na PXA. A súa concreción determinarase nas reunións mensuais do Equipo. Darase información ás familias para que participen naquelas abertas a toda a comunidade educativa. As que estean organizadas por outras entidades externas ao centro (Concello, Asociacións…), deberán presentar un programa de actuación do que a CCP determinará a súa conveniencia ou non. |
| Fomentar a aprendizaxe cooperativa. | Profesorado | Alumnado | Metodoloxía incluída nas Programacións didácticas. |
| Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado. | Profesorado | Alumnado | Competencias a desenvolver desde a titoría<br>Actividades de organización da aula |
| Colaboración co centro no proceso de ensino-aprendizaxe e de integración escolar. | Profesorado | Familias | Entrevistas persoais coas familias aportando a información necesaria.<br>Comunicación a través da axenda escolar do alumnado. |

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

| | | | |
|---|---|---|---|
| Revalorizar o centro escolar como un espazo de ensino e de formación. | Equipo directivo<br>Titores<br>Coordinadores de Equipos (Extraescolares e EDLG) | Familias | Aportar ás familias información de todas as actividades do centro a través da web, circulares, reunións colectivas e individuais, CE, invitacións a festivais... |
| Repasar o resumo das NOFC. | Titores/as | Alumnado | Nas titorías, a principios de cada curso. |
| Programas de habilidades e competencias sociais. | Departamento de Orientación | Alumnado | Taller de habilidades sociais impartido por persoal de ASFEDRO. |
| Plan Director de Convivencia: charlas sobre as novas tecnoloxías. | Departamento de Orientación<br>Equipo directivo | Alumnado e familias | Charlas dirixidas á comunidade educativa, impartidas por persoal da Garda Civil previa solicitude ao organismo correspondente. |
| Tratamento da linguaxe: uso dunha linguaxe non sexista. | Equipo directivo<br>Profesorado<br>ANPA | Comunidade educativa | Os escritos e documentos dirixidos desde o centro así como desde a ANPA terán en conta este aspecto na redacción para transmitir a información. |
| Actividades de fomento da coeducación: educación non sexista e prevención de violencia de xénero. | Profesorado | Alumnado | Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos.<br>Impulsar actividades sobre coeducación (talleres, charlas, conmemoracións, etc.) |

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

| | | | |
|---|---|---|---|
| Actividades dirixidas á non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social. | Profesorado | Alumnado | Celebración de datas para traballar os valores democráticos (tolerancia, igualdade, respecto, diálogo, resolución pacífica de conflitos e non violencia): Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día escolar da non Violencia e da Paz,… <br>Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores. |

A comisión de convivencia creada no seo do Consello Escolar está formada por:

| **COMISIÓN CONVIVENCIA ( Dentro do C.E.)** | |
|---|---|
| Natalia Dopazo Couto | Directora |
| Julia Travieso González | Mestra |
| Isabel Mouriño Martínez | Persoal non docente |
| Elena Fernández Cartelle | Nai |

A Comisión de Convivencia reunirase, polo menos e se fora necesario, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

formará parte da Memoria Anual.

## 9. *PLAN PARA A POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA*

Para poder potenciar esta relación establécense unha serie de actividades a realizar dende o centro como son:

- Uso da axenda escolar como medio de comunicación entre familias e profesorado.
- Envío de circulares con información puntual de asuntos do seu interese.
- Uso da Páxina Web do centro para abrir o centro as familias, xunto co AbalarMóbil.
- Envío dos boletíns de calificación trimestral.
- Comunicación puntual, telefónica ou escrita, de calquera asunto de interese relacionado co proceso de ensinanza aprendizaxe do seu fillo/filla.
- Celebración de reunións.
- Os martes de 16:00 a 17:00 horas, todos os mestres/as teñen no seu horario a hora de atención a pais, nais ou titores legais, aínda que pode ser noutro horario en función das necesidades de ambas partes.
- Facer partícipes ás familias dos proxectos que se van elaborando no centro, así como da súa renovación, a través do órgano competente para isto (Consello Escolar)
- Coordinación coa Anpa nas seguintes celebracións:
  - ✓ Magosto - Samaín.
  - ✓ O Nadal.
  - ✓ Entroido.
  - ✓ Letras Galegas
  - ✓ Festa de Fin de Curso

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

## 10. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIONS DO CENTRO

Neste curso escolar seguiremos co noso sinal de identidade e abrir o centro ao entorno, para que sexa un centro de cultura, convivencia e ocio para todos/as. Por iso, abriremos o colexio á comunidade e a entidades e institucións do Concello, das formas que nos sexan posibles.

Continuaremos cos acordos que se crearon no Consello Escolar de que, sempre que non se altere o normal funcionamento do Centro, se autorice o uso das instalacións para o desenvolvemento das súas actividades á ANPA, Concello, Escolas Deportivas e Culturais municipais, Asociación de Tempo e Aire Libre *Néboa* .

Cando a solicitude sexa realizada por persoas alleas á Comunidade Escolar, a dirección reunirá ao Consello Escolar que emitirá o informe favorable ou desfavorable para a súa posterior tramitación á Xefatura territorial de Educación da Coruña.

## 11. PLAN DE ACTIVIDADES DA ANPA

A ANPA, ten como obxectivos para este curso 2023-2024:

1. Consolidar os traballos postos en cursos anteriores, así como poñer en marcha novos proxectos.
2. Captación de socios para poder levar a cabo os proxectos, enviando as fichas de inscrición a comezos de curso.
3. Organización de actividades extraescolares facendo todas as xestións que fagan falta para poñer a andar ditas actividades.
4. Impulsar a celebración das festas que xa se veñen facendo.
5. Implantar o servizo de madrugadores no colexio, para ofrecer mellor servizo aos pais/nais e poder conciliar vida familiar con traballos.
6. Darlle continuidade o servizo de comedor no colexio, co mesmo fin que o anterior.
7. Xestionar o servizo de cátering para o comedor escolar para que nos traian os menús de cada día. Este curso o cátering escollido será Arume.
8. Procurar ter listo o plan de actividades de cara ao curso 2023/2024 no mes de xuño, para que as familias poidan organizarse mellor.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

9. Tentar organizar, xunto coa dirección do centro as festividades máis importantes na nosa comunidade (samaín, nadal, entroido).

## 1. REUNIÓNS:

Reunións da Directiva:

- A directiva da ANPA reunirase, para organizar de común acordo, e sempre por maioría, as actividades do curso 2023/2024
- Reunións, se fosen necesarias, para organizar festexos ou para resolver calquera problema que poida plantexarse.
- Horario de oficina, será de luns a venres en horario de 08:45 a 10:00 para resolver calquera dúbida que poidan plantexar os socios/as.
- Asemblea Xeral Ordinaria da ANPA, onde se aprobará a acta anterior, estado de contas, captación de voluntarios para integrarse na directiva, presentación do programa anual, e información sobre comedor e madrugadores. Rogos e preguntas.
- Renovación da Xunta Directiva.
- Reunión con calquera socio que o solicite para coñecer o estado de calquera actividade relacionada coa ANPA, ou do estado de contas.
- Procurarase facer unha reunión cos socios/as, como mínimo unha vez ao ano, para informar de actividades e contas, aínda que poida facerse como está establecido no punto anterior.

## 2. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

- Notas informativas, inscricións de alumnos/as, cobro de cotas aos socios e pagamento de facturas aos monitores, coordinación de horarios, posta en marcha das actividades e calquera trámite ocasionado por ditas actividades.

## 3. ACTOS E CELEBRACIÓNS NO COLEXIO:

Organizaranse as seguintes festas e celebracións ao longo de todo o curso escolar.

**Magosto e Samaín**

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

Este ano a ANPA propuxo á dirección do centro seguir colaborando na celebración da seguinte forma:

- Facer os colares dos nenos/as de Educación Infantil traerémolas xa cocidas para facer a actividade.
- Asado de castañas que traerán os nenos/as.
- Compra e reparto de boliños preñados para todos os nenos/as do colexio tanto socios/as como non, que se repartirán xunto coas castañas. Da bebida ocuparase o centro.

As seguintes celebracións de Nadal, entroido, quedada polo día das Letras Galegas e festa de fin de curso serán organizadas a medida que se acerquen as datas.

As actividades propostas e a súa organización poderán sufrir variacións, quedando baixo acordos entre a ANPA e a Dirección do Centro.

## *12. PLAN XERAL DE AVALIACION*

A **avaliación do alumnado**, regulada pola Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria e secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

As avaliacións serán levadas a cabo polo equipo pedagóxico de cada grupo e serán coordinadas polo mestre/a titor/a do grupo, que informará as familias trimestralmente a través dos boletíns de notas.

O decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 21, que a avaliación do alumnado será global, continua e formativa, tendo en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

educativo.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Todas as comisións, equipos docentes e claustro revisarán trimestralmente a **Programación Xeral Anual** propoñendo as medidas correctoras que se consideren necesarias. Ao remate do curso elaborarase unha memoria na que se recollerá o grao de consecución dos obxectivos e se avaliarán as actividades levadas a cabo polo centro, explicando as dificultades atopadas e as medidas correctoras levadas a cabo.

Rúa Roseira 1
15510 Neda (San Nicolás)
Tfno. : 881 930 404/05 – Fax 881 930 406
ceip.sanisidro@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro

## *13. APROBACIÓN DA PXA*

Dona Lidia Casal Prieto, Secretaria do **CEIP SAN ISIDRO** de Neda,

**CERTIFICA:**

Que en sesións ordinarias de Claustro e de Consello Escolar deste centro, celebradas o día 17 de outubro de 2023 foi aprobada a presente **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL** para o curso 2023-2024.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente certificación co Visto e Prace da Presidenta do Consello Escolar.

Neda, 17 de outubro de 2023

Vº e Prace

A Secretaria,

A presidenta do Consello Escolar,

Asdo.: Lidia Casal Prieto

Asdo.: Natalia Dopazo Couto